

Leonora



“\_\_\_\_\_ *Il cieco scoglio*  
*E quel ch'inganna i marinari ancora*  
*Più saggi. Chi non sà finger l'amico.*  
*Non è fero nemico*”<sup>9</sup>

---

9 “A rocha escondida / engana os mariñeiros / máis sabios. O que non sabe ser amigo, / non é un fero inimigo.” Estes versos pertencen ao poema pastoril *Il Pastor Fido* (1589), de Battista Guarini (1538-1612). Foi moi traducido na súa época, até o punto de que Georg F. Haendel (1685-1759) fixo unha ópera sobre o seu tema en 1712. *Il Pastor Fido* estableceu pautas de comportamento refinado e galantería que perduraron mesmo no século XVIII.



## CARTA I

De Lady Olivia a Lady Leonora L——

25 de abril de 18—

Que desgraza é nacer muller! En van, querida Leonora, me reconciliarías co meu destino. Condenada á incesante hipocrisía ou á infelicidade perpetua, a muller é a escrava ou a marxinada da sociedade. Se tamén nos está vetado confiar nos nosos semellantes ou en nós mesmas, para que temos entendemento se non o podemos empregar? Para que temos corazón, se non nos podemos fiar del? Para o noso desgraciado sexo, o xenio e a sensibilidade son os dons máis perigosos. Para que imos cultivar os nosos talentos senón para gratificar o capricho dos tiranos? Para que perseguir o coñecemento, se pode converter a nosa miseria en irremediábel? Se nos ilumina un raio de luz, non é máis que para facer a nosa escuridade máis visíbel, para ensinarnos os límites estreitos, a estrutura gótica, as barreiras impenetrábeis da nosa prisión. Perdóame se non podo falar deste tema, se non podo pensar, con paciencia. Non contan as lendas que os deuses, para castigar a algún rebelde mortal, condenaron a súa alma a vivir na terra en forma de muller? A omnipotente crueldade non podería concibir un castigo máis degradante ou máis difícil de soportar. Que perigos, que pesares, que persecucións, que males innumerábeis agardan á muller que se atreve a desafiar os prexuízos do seu sexo!

“Ah! felices elas, as máis felices do seu sexo!”<sup>10</sup>

---

10 “Ah! happy they, the happiest of their kind!” Poema “Spring”, en *The Seasons* (1726-30), do poeta escocés James Thomson (1700-1748). A obra de Thomson divídese en catro estacións, e cada unha dedícase a unha personalidade diferente. *The Seasons* destacou por infundir ao xénero pastoril unha nova vitalidade, e foi unha obra precursora do Romantismo.

Aquelas que, sen loitar, someten o seu entendemento a ser envolto nas absurdas vendas do costume. Aínda que paralicen ou deformen as súas mentes, non son estas deformidades belezas aos ollos da moda? E non son elas as meniñas dos ollos de todos? Non contan cos seus sorrisos, caricias, louvanzas agarimosas e coa súa protección imparcial, durante todos os perigos da xuventude e a súa ancianidade?

“Ah! felices elas, as máis felices do seu sexo!”

Que aprenden a falar, a pensar e a actuar de memoria; que teñen unha frase, máxima, ou unha fórmula preparada para cada ocasión; que seguen...

“Todo o que a neneira e o cura lles ensinaron.”<sup>11</sup>

E é posíbel que Olivia poida envexar a felicidade, a apatía, destas mulleres que non teñen sangue nas veas? O seu grande espírito está tan rendido pola adversidade? Non era iso o que prometían os seus primeiros anos nin a linguaxe do seu corazón sinxelo! Que mágoa! Apenas recordo aquel ser orgulloso que tiña o hábito de desafiar as opinións e invalidaba os decretos do prexuízo. Contarei os acontecementos da miña vida, ou, mellor, a historia dos meus sentimentos: nunha vida coma a miña, os sentimentos convértense en feitos, unha metamorfose que verás en calquera páxina da miña historia. Sinto un irresistible impulso de abrirche totalmente o meu corazón a ti, miña querida Leonora. Sorprendereite desde a superioridade do teu entendemento e do teu carácter. Porén, hai unha indulxencia na túa natureza, unha dozura no teu temperamento, que disipa o medo e que irresistibelmente atrae a confianza.

Ti xa rexeitaches xenerosamente os prexuízos que os entremetidos e maliciosos teñen cara a min. Ti xa decidiches xulgar-me por ti mesma. Entón, non se pode agochar nada. En tales circunstancias non podoo querer atenuar ningún dos meus erros

---

11 “All the nurse and all the priest have taught.” *The Rape of the Lock*. (1712) de Alexander Pope (1668-1744). A obra baséase noutra de John Caryl (1625-1711) na que hai dous namorados e xorde o conflito cando el lle corta unha guedella a ela. En *The Rape of the Lock* Pope rise das pretensións sociais e da vaidade. A obra fíxose inmediatamente popular pola súa visión da moralidade, a natureza e a política.

ou loucuras. Estou preparada para recoñecelos todos cunha humillación máis conmovedora ca os sarcasmos do meu inimigo máis resentido. Pero teño que determe e armarme de valor para a miña confesión. Querida Leonora, adeus!

OLIVIA

## CARTA II

### De Olivia a Leonora

30 de abril

Chea de vida e gana, cun corazón que amaba o entusiasmo e a delicadeza do amor cheo de ledicia, casei cedo, esperando atopar un corazón adecuado ao meu. Cruelmente decepcionada, atopei só un marido. O meu corazón retrocedeu cara a si mesmo. Seguindo os meus principios de virtude, desprecei o disimulo. Candidamente confeseille ao meu home que o meu amor se extinguira. Que mágoa! Amoseille demasiado claramente que non estabamos feitos o un para o outro. Aquel momento tan atractivo de ilusión pasou, non volveu máis. Só quedaba a realidade repulsiva. O que estaba vivo quedaba unido ao morto. Pola tiranía inexorábel das leis inglesas, esa cadea, que eternamente irrita a inocencia, só pode cortala a desesperación do vicio. O divorcio, segundo as nosas institucións bárbaras, non pode concederse se non hai culpabilidade. Asustada con este pensamento, non vin outra solución que a submisión. Non obstante, someterme a vivir cun home ao que non podía amar era, para unha mente coma a miña, imposible. Os meus principios e os meus sentimentos tamén se rebelaban contra esta prostitución legal. Separámonos. Tentei buscar un bálsamo para o meu corazón ferido noutros climas.

Sempre fun receptiva ás belezas da natureza. Ás veces, abandonábame á felicidade entre as escenas sublimes de Suíza e as consagradas beiras dos seus lagos. Que transitoria era a miña felicidade cando me dominaba a miña fantasía no espertar luminoso do amor! Que mágoa! Ningún encanto da creación podía calmar o meu repouso. Vaguei buscando aquilo que non me achegaba o cambio espacial. Había un oco no meu corazón, unha tristu-

ra indescritíbel no meu ánimo. Ás veces recorrín a libros. Non obstante, que poucos se correspondían cos meus sentimentos ou tocaban as cordas vibrantes da miña mente desordenada! Non aguantaba a moralidade común e corrente. A historia non era máis ca un montón de crimes. A metafísica prometía algún alivio e confundíame no seu elegante labirinto. Para a miña maior ledicia, amósome en débeda co xenio valente e a dor exquisita dalgúns novelistas alemáns; para eses momentos de éxtase nos que a afinidade con almas xemelgas me transportaba a mundos mellores e me facía esquecer a realidade de todos os días.

Ben sei, miña Leonora, que ti non aprobas a ningún dos meus escritores favoritos. Eu tamén llelos prohibiría aos felices. Así e todo, prohibiríaslles ti probar a felicidade dos soños a aqueles que só senten a infelicidade cando están espertos? Sacaríaslles ti a copa de Lete<sup>12</sup> dos beizos a aqueles aos que ningunha outra bebida lles é saudábel ou doce?

Usando estes opiáceos, a miña alma foise afacendo a unha especie de melancolía pensativa e pracenteira. Non dixo alguén que a melancolía é unha característica do xenio? Non pretendo ser un xenio, pero estou convencida de que a melancolía é o estado habitual (e pode que o estado natural) daqueles que non teñen a desgraza de sentir con delicadeza.

Ti, querida Leonora, clasificarás esta idea entre as que unha vez chamaches os meus refinados erros. De feito, confeso que vin en ti unha excepción tan rechamante que case me obriga a desbotar a miña teoría. Con todo, deixa que che volva recordar que a túa sorte na vida non é coma a miña. Que mágoa! Que diferente! Por que non tería eu unha amiga, unha nai, coma a túa, que desde pequena dirixise os meus pasos inseguros e que me educase na felicidade? Podería ter sido... Pero non importa o que podería ter sido... Teño que contarche o que fun.

Separada do meu home, sen guía, sen un amigo no período máis perigoso da miña vida, só tiña o conselleiro máis insidioso:

---

12 Na tradición grega este era un río do Hades. Beber das súas augas levaba ao esquecemento.

o meu corazón, o meu débil corazón. Cando estaba menos preparada para resistir a impresión, tiven a desgraza de atopar un home cunha alma parecida á miña. Antes de sentir o perigo, eu xa estaba enredada e sen posibilidade de escapatoria. Lanzoume unha rede ao corazón; loitar non serviu máis que para debilitar as miñas forzas. A virtude obrigábame a ser unha desgraciada, e fun unha desgraciada. Aínda así, podo esperar a túa mágoa, Leonora, por esa relación? Causa a túa indignación, incluso o teu horror? Cúlpage, desprézame e detéstame. Prefiro soportar todo iso a enganarte e facerche pensar que son mellor do que realmente son.

Porén, non me consideres peor. Se as miñas intencións fosen menos puras, se non puxese tanta confianza na firmeza dos meus propios principios e se non me repugnase tanto o artificio, podería facilmente ter evitado as aparencias que me fixeron tanto dano aos ollos da xente. Confeso, con auténtica contrición, que unha mestura fatal de independencia masculina de espírito e de tenrura feminina de corazón me levou a cometer moitas imprudencias. Emporiso agradézolle ao Ceo que a miña consciencia me librase do vicio, ou do tipo máis mesquiño do vicio, a hipocrisía. Todo o que teño que esperar agora é que ti, a miña indulxente e xenerosa Leonora, non me condenes literalmente. A verdade e a gratitude son as únicas demandas á túa amizade, a unha amizade que para min sería a primeira bendición da terra, a que me compensaría por todo aquilo que perdín. Considera isto antes que rexeitarme a min, tan pouco merecedora como son da túa estima. Aconséllame, guíame e sálvame! Digo sen vaidade, pero con confianza, que teño un corazón que te recompensará polo teu cariño. Atoparás que me emocioño facilmente, que o agarimo me domina sen dificultade. O teu está xa preso no máis profundo da miña alma, e o teu poder non ten límite sobre o afecto e o entendemento da

Túa agradecida,

OLIVIA

### CARTA III

De Lady Leonora L—— á súa nai, a duquesa  
de——, achegando as cartas anteriores

2 de maio

Permitinme mandarlle, miña querida nai, as cartas que lle achego. Aínda que vostede non as vai aprobar, penso que atopará nelas probas dun corazón afectuoso e de habilidades superiores. Lady Olivia acaba de volver a Inglaterra. O escándalo que a acompañaba no continente tivo o efecto de poñer tan en contra os seus amigos e coñecidos que corre o perigo de ser excluída do grupo no que antes brillaba como favorita. Porén, estou decidida a apoiala, a facer todo o que poida para contrarrestar os efectos da maledicencia. Non podo expresar con suficiencia a indignación que sinto contra o espírito traveso do escándalo, que destrúe a felicidade a cada paso, que goza co máis mesquiño dos sentimentos malignos: o triunfo sobre os erros das mentes superiores. A Olivia acusárona de moitas cousas porque lle envexaron outras tantas.

De feito, miña querida nai, vostede ten prexuízos por estas falsas informacións. Non imaxine que as súas fascinantes formas cegaron o meu entendemento. Asegúrolle que discernín, ou mellor, que ela me revelou todo sobre os seus erros. E ese candor, non debería causarme impresión e facer que me decantase no seu favor? Considere que nova, que bela era cando entrou no mundo elegante; considere o moito que estivo exposta ás tentacións, rodeada de aduladores e sen unha amiga. Estou convencida de que escaparía a toda censura e evitaría todos os erros que agora ela mesma se reprocha se fose bendicida cunha nai coma a miña.

LEONORA L——

## CARTA IV

### Da duquesa de—— á súa filla

5 de maio

Miña neniña:

Teño que contestar a túa última carta antes de deitarme, antes de que poida durmir en paz. Acabo de ler a rapsodia que a acompañe e, mentres o asunto estea fresco na miña mente, déixame escribir, porque xa que non podo facelo á miña satisfacción noutro momento. Admírote e quérote, neniña, pola xenerosa indignación que expresas cara a aqueles que pisan os caídos, ou cara aos que triunfan de forma mesquiña sobre os erros de xenio superior. Se parezo máis fría ou máis severa do que me desexas que sexa, atribúeo á miña ansiedade pola túa felicidade e á cautela, que talvez sexa o mal da idade.

Por desgraza, no transcurso da miña longa vida, vin o vicio e a tolería vestidos de formas tan variadas que non teño dificultade en detectalos. Non obstante, os teus ollos inocentes engánanse tanto coma se tiveses cinco anos, cando non crías que a túa neneira de cartón era a mesma persoa con diferente roupa.

Nada te levaría a ter relación con aqueles que se declaran insensíbeis ao ben e ao mal, pero teño que avisarte doutra clase moito máis perigosa que, profesando a máis refinada delicadeza de sentimentos e presumindo de virtude invulnérabel, se exhiben nas situacións máis inadecuadas e arriscadas e que, ao non teren medo, esperan estar libres de reproches. Xa sexa grazas a unha milagrosa boa sorte ou a un carácter singular, estas heroínas poderían seguramente escapar do que elas chaman perfecta inocencia. Moito peor para a sociedade. O seu exemplo tenta a outras que se sacrifican á súa debilidade ou tolemia. Eu neste

caso castigaría máis as tentadoras que as vítimas, e para aquelas o castigo máis efectivo é o desprezo. A ignorancia é a morte para estas amantes da notoriedade. No momento que non están de moda cesa o seu poder para faceren dano. Aquelas que polo seu carácter ou rango influen na opinión pública están suxeitas a considerar estas cousas ao elixiren os seus amigos. Isto é especialmente necesario nos días en que se fan esforzos por igualar todos os rangos. Ás veces insinuáchesme, miña nena, con toda delicadeza, que son moi estrita nas miñas ideas e que, sen decatarme, o meu orgullo se mestura coa moralidade. Pode ser. O orgullo da familia e o orgullo da virtude deberíanse de axudar mutuamente. Se me preguntan cal penso que é o mellor gardián da nobreza neste ou noutro país, respondería: A VIRTUDE. Admiro ese epitafio tan sinxelo da abadía de Westminster sobre a duquesa de Newcastle: “O seu nome foi Margaret Lucas, a irmá máis nova de lord Lucas de Colchester; unha nobre familia, posto que todos os irmáns foron valentes e todas as irmás virtuosas”.<sup>13</sup>

Miro a historia ao considerar normas de conduta. Nos últimos anos vimos cambios marabillosos nas maneiras femininas. Serei coma o vello marqués en *Gil Blas*, que dicía que mesmo os pexegos xa non valían para nada<sup>14</sup>. Porén, temo que as miñas queixas sobre a dexeneración do ser humano estean mellor fundadas ca os seus medos pola creación vexetal. Antes da destrución da monarquía francesa introduciuse un gusto polo dispendio elegante da galantería francesa. Desde entón, algúns escritores sentimentais e pretendidos filósofos deste e doutros países tentan

---

13 Margaret Lucas (1623-73) foi unha aristócrata, poeta, científica e escritora (*Poems and Fancies*, 1653; *A True Relation of my Birth, Breeding and Life*, 1656; *The Blazing World*, 1666). Tivo unha personalidade controvertida, xa que se atreveu a firmar as súas obras e, malia ser unha muller admirada e intelixente, describíase como tímida e reservada. Cría na liberdade sexual, criticaba o rol das mulleres na sociedade e mesmo criticaba a institución matrimonial.

14 *L'Histoire de Gil Blas de Santillane* (1715), de Alain-René Le Sage (1688-1747). Nesta novela picaresca Lesage denuncia os vicios da humanidade. Cada clase social e cada ocupación convértense nun tipo social, algo típico na novela picaresca. A influencia de Lesage chegou a autores coma Jonathan Swift (1667-1745), Tobias Smollet (1721-1771), Henry Fielding (1707-1754) ou Lawrence Sterne (1713-1768).

confundir todas as nosas ideas de moralidade. Atopan excepcións a todas as leis do dereito e dirixen a atención pública a elas adornándoas coas espléndidas decoracións da elocuencia, así que a regra é desprezada e esquecida, e a excepción establécese triunfalmente no seu lugar. Parece coma se Satanás empregase estes oradores para defender o vicio e, cando falan, fano coma se estivesen posuídos polo espírito maligno, e con tal vehemencia que transportan os seus oíntes con tal sutileza que enganan o seu mellor xuízo. Presentan casos extremos, nos que a virtude pode converterse en vicio ou o vicio en virtude; exhiben paixóns criminais en constante conexión coas virtudes máis exaltadas, coas máis adorábeis. Así, usan os mellores sentimentos da natureza humana para os peores propósitos, suscitando mágoa ou admiración perpetuamente ao lado da culpa. Ao falaren eternamente da filosofía ou da filantropía, toman prestados os termos só para confundir os ignorantes e seducir a imaxinación. Teñen os seus sistemas e teorías: en teoría pretenden que o ben xeral da sociedade sexa a súa única regra inmutábel de moralidade, mais na práctica convierten os sentimentos variábeis de cada individuo nos xuíces do ben xeral. Obsesionados cun fermoso ideal de perfección ou perfectibilidade, os seus sistemas desprezan todas as virtudes vulgares. Desafían o sentido común e a honestidade. Non lles importa: a súa doutrina, tan conveniente para as paixóns e soporífera para a consciencia, nunca pode carecer de partisanos, especialmente por parte das mulleres débiles e entusiastas entre as que é adoptada e propagada con entusiasmo. Logo convértense en persoas de importancia e fanáticos en apoio das súas sublimes opinións. E saben ler, escribir, falar e revolucionar a opinión pública! Temo que realmente si que saben, posto que ultimamente oímos máis sobre sentimentos que sobre principios, máis sobre os dereitos da muller que sobre os seus deberes. Vimos talentos botados a perder pola conduta das súas posuidoras e outros pervertidos no intento van de defender o que non é defendíbel.

Onde debe rematar todo isto? Onde remata inevitabelmente o abuso da razón, no mellor uso da lei da forza. Nesta época

da razón, se as mulleres usan mal ese poder que obtiveron co cultivo do seu entendemento, degradaranse e escravizaranse sen redención e reducirán o seu sexo a unha situación peor da que xa experimentaron incluso en épocas de ignorancia e superstición. Se os homes ven que a virtude das mulleres decrece a medida que aumenta o seu cultivo intelectual, eles relacionarán, de xeito fatal para a liberdade e felicidade do noso sexo, as ideas de ignorancia e inocencia femininas, decidirán que unha deriva da outra. Non se pararán a distinguir entre uso e abuso da razón; non se deterán para ver máis experimentos ás súas expensas, senón que prohibirán totalmente o coñecemento coma se fose un luxo pernicioso e usarán o poder superior que a natureza e a sociedade puxeron nas súas mans para facer efectivos os seus decretos. A opinión pública obtivo a liberdade para as mulleres, pero pola opinión pública poden verse de novo escravizadas. Polo tanto, é de interese das mulleres, da sociedade, que o medo da vergoña disuada as mulleres de excederen os límites da discreción. Non se poden admitir excepcións á falsa levidade ou á parcialidade en favor de talentos divertidos ou modais agradábeis porque poden ser perigosos exemplos de impunidade. O rango e o entendemento superior dun delincente non poden considerarse un atenuante, senón circunstancias agravantes. O rango fai a mala conduta máis obvia. O talento faina máis perigosa. As mulleres habilidosas, cando fallan, xeralmente empregan todas as súas enerxías en xustificar máis ca en arranxar os seus erros.

Temo, miña filla, que os meus razoamentos arrodean a Olivia. Con todo, teño que darche as boas noites porque os meus pobres ollos xa non dan máis de si. Que Deus te bendiga, miña nena.